

XORNADA

# Traxectoria dos montes comunais galegos: a súa consideración como recurso produtivo, ambiental, paisaxístico e de calquera outro tipo

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
28 e 29 de setembro de 2017



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

Por razóns diversas -entre as que figuran os graves problemas ambientais, a revalorización da vida rural e a expansión e influencia dos movementos ecolóxicos, que impulsaron novas olladas históricas sobre o aproveitamento dos recursos naturais- o interese polo estudo e adecuada gobernanza dos bens comunais aumentou moito nos últimos tempos. Neste contexto, Galicia constitúe un exemplo extraordinario. Até principios do século pasado, tres cuartas partes da súa superficie estaban ocupadas por montes que, se durante séculos non fosen xestionados polos veciños de aldeas e parroquias de maneira eficiente, acomodando os seus usos aos cambios que se ían producindo no complexo agropecuario, non conservarían, na meirande parte dos casos, o seu carácter comunal.

As mudanzas foron radicais no último século: os procesos de privatización, de “estatalización”, a repoboación forestal e “devolución”, a “revolución verde”, as diversas e graves consecuencias do despoboamento e abandono do mundo rural, as necesidades dunha axeitada ordenación do territorio que debe considerar integrar os usos do monte, a nova valoración da paisaxe como patrimonio (que en boa medida recupera ideas de Otero Pedrayo e da xeración Nós) que vai unida a miúdo a procesos de apropiación cultural e que obriga a considerar o monte, e en xeral o territorio, como arquivo da memoria das comunidades que se sucederon no seu control, aproveitamento e transformación. Estes e outros cambios parecen razóns poderosas que aconsellan facer unhas reflexións e debates que, a partir das ensinanzas do pasado, aborden, entre os varios problemas, a situación presente dos montes veciñais desde unha perspectiva pluridisciplinar para analizar os seus usos reais e potenciais, ou sexa, as experiencias e as oportunidades de cara ao futuro no uso dos recursos; as boas prácticas e non tan boas na súa xestión, as consecuencias do abandono das aldeas e o tratamento do monte nas políticas de ordenación do territorio que han de procurar a conservación do medio e a protección da paisaxe como un elemento fundamental do patrimonio cultural.

## PROGRAMA

### XOVES, 28 DE SETEMBRO

9:15 horas. Inauguración

9:30 horas

*O retorno dos comunais: institucións, regras e equilibrios de poder*

**José Miguel Lana Berasain.** Universidad Pública de Navarra

10:15 horas

*A pervivencia dos montes veciñais galegos: razóns e distorsións*

**Xesús Balboa.** Universidade de Santiago de Compostela

11:00 horas. Pausa

11:15 horas

*Terras comúns, intereses cruzados: o monte veciñal galego no século XX*

**Ana Cabana Iglesias.** Universidade de Santiago de Compostela

12:00 horas

*O "problema da terra" na Galiza do século XXI e o papel dos montes veciñais en man común*

**Edelmiro López Iglesias.** Universidade de Santiago de Compostela

12:45 horas. Debate

16:30 horas

*Rozas, estivadas e pan de vedro: o cultivo temporal do monte na Galicia da Idade Moderna*

**Hortensio Sobrado Correa.** Universidade de Santiago de Compostela

17:15 horas

*Os montes e a súa toponimia*

**Antón Santamarina.** Universidade de Santiago de Compostela

18:00 horas

Mesa redonda: *Montes, ordenación do territorio e paisaxe*

Presenta e modera: **Iago Seara Morales**

**Daniel Pino Vicente.** Lcdo. en Ciencias Políticas, urbanista, Consultora Galega

**Alfonso Díaz Revilla.** Arquitecto, profesor

da ETSA da Coruña; Oficina de Planeamento

**Inés Santé.** Directora do Instituto de Estudos do Territorio

**Plácido Baamonde López.** Doutor Enxeñeiro Agrónomo

### VENRES, 29 DE SETEMBRO

9:30 horas

*Los bienes concejiles de aprovechamiento comunal en la provincia de León: presencia, gestión y valor, siglos XVI-XX*

**Laureano Rubio Pérez.** Universidad de León

10:15 horas

*Baldíos, percurso do último século*

**Fernando Silva Oliveira Baptista.**

Enxeñeiro agrónomo polo Instituto

Superior de Agronomía / Universidade

Técnica de Lisboa; profesor catedrático do

Instituto Superior de Agronomía

11:00 horas. Pausa

11:15 horas

Mesa redonda: *As boas prácticas na xestión dos montes veciñais*

Presenta e modera: **María do Mar Pérez Fra**

**Henar Román.** Presidenta da Comunidade

de Montes de Labrada, Abadín

**José Antonio Barbeito.** Presidente da

Comunidade de Montes de Xalo, Culleredo

**Isaac González.** Presidente da Comunidade

de Montes de Santa Mariña do Rosal, Oia

12:30 horas

Mesa redonda: *Propostas para a posta en valor dos montes veciñais*

Presenta e modera: **María do Mar Pérez Fra**

**Alfredo Pereira.** Presidente de

Organización Galega de Comunidades de Montes.

**Carlos Morgade.** Presidente de Iniciativa Comunales

**Vanessa Castro López.** Montenoso

**Carlos González Andrés.** Xefe do Servicio

de montes veciñais en man común e

estruturas forestais

14:00 horas. Clausura

## ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)

## COLABORA

Proxecto HAR2014-52667-R. “El monte comunal en Galicia desde comienzos de la Edad Moderna a la actualidad: de soporte de un <viejo complejo agrario> a recurso mediambiental y patrimonio paisajístico”, Ministerio de Economía y Competitividad  
Universidade de Santiago de Compostela

## COORDINA

María do Mar Pérez Fra  
Pegerto Saavedra Fernández

## LUGAR

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705, Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ás Xornadas.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

## MÁIS INFORMACIÓN

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

COLABORA

